



**DIPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES
Exp: 2021000048338**

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES POR PARTE DAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CON FUNCIÓN DE REPRESENTACIÓN SECTORIAL E COLECTIVA A NIVEL GALEGO DAS PERSOAS E/OU ENTIDADES EXISTENTES NOS DIFERENTES SECTORES PROFESIONAIS E AMADORES DA CULTURA GALEGA, DURANTE O ANO 2022

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante resolución da Presidencia núm. 3484, do 20 de xaneiro de 2022, foron aprobadas as Bases reguladoras do programa de subvencións para o desenvolvemento de actividades por parte das entidades sen ánimo de lucro con función de representación sectorial e colectiva, a nivel galego, das persoas e/ou entidades existentes nos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega, durante o ano 2021.

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras do programa foron publicadas no BOP núm. 15, do 24 de xaneiro de 2022.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do **Programa de subvencións para o desenvolvemento de actividades por parte das entidades sen ánimo de lucro con función de representación sectorial e colectiva, a nivel galego, das persoas e/ou entidades existentes nos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega, durante o ano 2022**, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas resolución da Presidencia núm. 3484, do 20 de xaneiro de 2022

2º. O Programa rexerase polas citadas Bases reguladoras, publicadas no BOP núm 15, do 24 de xaneiro de 2022., https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/01/24/2022_0000000294.pdf e pola Ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 150, do 10 de agosto do 2021, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_00000006222.pdf

3º. O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás **14:00 horas do día 4 de marzo de 2022**, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do Programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu

domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do **Programa de subvencións para o desenvolvemento de actividades por parte das entidades sen ánimo de lucro con función de representación sectorial e colectiva, a nivel galego, das persoas e/ou entidades existentes nos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega, durante o ano 2022 (FO215/2022)**, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Entidades privadas sen fins de lucro e con función de representación sectorial e colectiva, a nivel galego, das persoas e/ou entidades existentes nos diferentes ámbitos profesionais (asociacións representativas das empresas e profesionais das artes escénicas, música, danza, literatura e edición, empresas de xestión cultural...) e amadores (federacións de teatro amador, de música e danza tradicional, de bandas de música...) da cultura galega que estean legalmente constituídas, con domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia e que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización das actividades culturais descritas na base 2 da parte específica das Bases reguladoras do programa.

Terceiro. Bases reguladoras

O Programa rexerase polas Bases reguladoras, que foron publicadas no BOP núm 15, do 24 de xaneiro de 2022, https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/01/24/2022_0000000294.pdf e pola Ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 150, do 10 de agosto do 2021, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 200.000 € máis as modificacións que se puideran producir, con cargo á partida 0612/3341/481 do Orzamento ordinario para 2022.

As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.500 € e un máximo de 30.000 €.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes son os establecidos na base específica 7 das Bases reguladoras do programa.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iníciase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e **rematará ás 14:00 horas do día 4 de marzo de 2022.**

Sétimo. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2023 ás 14.00 horas.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

ANEXO EN CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del **Programa de subvenciones para el desarrollo de actividades por parte de las entidades sin ánimo de lucro con función de representación sectorial y colectiva, a nivel gallego, de las personas y/o entidades existentes en los diferentes sectores profesionales y aficionados de la cultura gallega, durante el año 2022 (FO215/2022)**, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

Entidades privadas sin fines de lucro y con función de representación sectorial y colectiva, a nivel gallego, de las personas y/o entidades existentes en los diferentes ámbitos profesionales (asociaciones representativas de las empresas y profesionales de las artes escénicas, música, danza, literatura y edición, empresas de gestión cultural...) y aficionados (federaciones de teatro aficionado, de música y danza tradicional, de bandas de música...) de la cultura gallega que estén legalmente constituidas, con domicilio fiscal en la Comunidad Autónoma de Galicia y que cumplan los requisitos de esta convocatoria y los requisitos establecidos en la Ordenanza general de subvenciones y transferencias en el momento de presentar la solicitud.

Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de la presente convocatoria se destinarán a la realización de las actividades culturales descritas en la base 2 da parte específica de las Bases reguladoras do programa.

Tercero. Bases reguladoras

El Programa se registrá por las Bases reguladoras, que fueron publicadas en el BOP núm 15, del 24 de enero de 2022, https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/01/24/2022_0000000294.pdf y por la Ordenanza general de subvenciones y transferencias publicada en el BOP núm. 150, do 10 de agosto do 2021, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 200.000 € más las modificaciones que se pudieran producir, con cargo a la partida 0612/3341/481 del Presupuesto ordinario para 2022.

Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.500 € y un máximo de 30.000 €.

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes son los establecidos en la base específica 7 de las Bases reguladoras del programa.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y **terminará a las 14:00 horas del día 4 de marzo de 2022.**

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones terminará el día 31 de marzo de 2023 a las 14.00 horas.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>